

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 3378** *Real decreto 149/2014, do 7 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1335/2011, do 3 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas no rexistro comunitario e a oposición a elas.*

Recentemente os regulamentos comunitarios reguladores das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas foron substituídos por novos textos normativos.

En particular, o Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimentarios, foi derogado e substituído polo Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

Ademais, de forma semellante para as denominacións de orixe protexidas e as indicacións xeográficas protexidas vitícolas, o Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM) foi derogado e substituído polo Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

Por isto, faise necesario modificar o Real decreto 1335/2011, do 3 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas no rexistro comunitario e a oposición a elas. Ademais, faise necesario clarificar que a protección nacional transitoria para os produtos amparados polo Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, só se lles concederá ás novas solicitudes de denominacións de orixe protexidas ou indicacións xeográficas protexidas, pero non á solicitude dunha modificación do prego de condicións.

As referencias aos regulamentos derogados entenderanse feitas, segundo o caso, ao Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, e ao Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, e leranse de acordo coas táboas de correspondencias que figuran, respectivamente, nos seus anexos II e XIV.

O presente real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e entidades representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de marzo de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1335/2011, do 3 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas no rexistro comunitario e a oposición a elas.*

O Real decreto 1335/2011, do 3 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas no rexistro comunitario e a oposición a elas, queda modificado como segue:

Un. O número 4 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«4. O previsto nos números 1 e 2 aplicarase ás figuras de calidade diferenciada cuxo ámbito territorial se estenda por máis dunha comunidade autónoma, sen prexuízo do disposto nos artigos 8.6, 15.2, 17.3 e disposicións adicionais primeira e segunda, que serán aplicables, así mesmo, ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas cuxo ámbito territorial non exceda o dunha comunidade autónoma.»

Dous. O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8. *Comprobación e publicidade das solicitudes.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en coordinación coas comunidades autónomas afectadas, realizar as comprobacións a que se refire o artigo 49.2 do Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento e do Consello, do 21 de novembro de 2012, ou o artigo 96.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, segundo corresponda, para o caso de solicitudes de inscrición, ou aquelas outras a que se refire o artigo 53 do Regulamento (UE) 1151/2012 do Parlamento e do Consello, do 21 de novembro de 2012, ou o artigo 105 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, segundo corresponda, para o caso de solicitudes de modificación, ou ben, para calquera de ambos os dous casos, as comprobacións que se considere oportunas se se trata de bebidas espirituosas.

2. A Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente remitirá as solicitudes de inscrición ou de modificación aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas para o seu informe no prazo dun mes, contado desde a recepción da petición deste, en cumprimento do deber de colaboración entre administracións públicas.

3. Unha vez recibidos os informes dos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, ou transcorrido o prazo para emitilos, e logo de consulta á mesa prevista no artigo 18, o director xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente resolverá motivadamente, sen que esta resolución poña fin á vía administrativa.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. A resolución anterior deberase producir no prazo de seis meses contados desde a presentación da solicitude.

A falta de resolución por silencio administrativo terá efecto desestimatorio por afectar o recoñecemento dun ben de dominio público.

5. Se a resolución é desfavorable, o solicitante poderá presentar unha nova solicitude adaptada ao contido da resolución.

6. Se a resolución da solicitude é favorable, co obxecto de darlle publicidade e, se é o caso, iniciar o procedemento nacional de oposición, será publicada a dita resolución no «Boletín Oficial del Estado» por parte da autoridade competente. A resolución pola cal se publique a solicitude no «Boletín Oficial del Estado» deberá incluír o enderezo da páxina web oficial, onde se encontrarán o prego de condicións e o documento único do produto.

O indicado no parágrafo anterior será tamén aplicable ás solicitudes de rexistro ou de modificación presentadas ante o órgano competente das comunidades autónomas.»

Tres. Suprímese o contido do artigo 9.

Catro. O artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 10. *Prazo para a presentación das declaracións de oposición.*

No prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a que se refire o artigo 8, calquera persoa física ou xurídica establecida ou que resida legalmente en España, cuxos lexítimos dereitos ou intereses considere afectados, poderá opoñerse ás solicitudes mediante a correspondente declaración de oposición, debidamente motivada, dirixida ao citado ministerio.»

Cinco. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Petición de informes.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente solicitará informe ás comunidades autónomas no prazo de 25 días hábiles, contados desde a recepción da súa petición.»

Seis. O artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. *Oposición a solicitudes presentadas por agrupacións doutros Estados membros ou de terceiros países.*

1. Para efectos de cumprir cos prazos previstos no artigo 51 do Regulamento (CE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, as persoas físicas ou xurídicas establecidas ou residentes en España poderán presentar unha notificación de oposición ás solicitudes presentadas por agrupacións doutros Estados membros ou terceiros países ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun prazo máximo de 35 días hábiles. Esta notificación irá acompañada dunha breve explicación dos motivos da oposición.

2. Dentro dos 15 días hábiles seguintes ao da data de recepción das notificacións de oposición, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente transmitirá estas notificacións aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas co obxecto de que, no prazo de 15 días hábiles desde a súa recepción, emitan as súas observacións.»

Sete. O artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Protección nacional transitoria.*

1. Unha vez que a solicitude de inscrición no rexistro comunitario ou de modificación no prego de condicións dunha denominación de orixe ou indicación xeográfica fose transmitida á Comisión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá concederlle a protección nacional transitoria, o cal implicará a publicación no «Boletín Oficial del Estado» do enderezo da páxina web onde se encontra o prego de condicións.

2. Para aqueles produtos amparados polo Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de decembro de 2012, o establecido no punto anterior só se aplicará ás novas solicitudes de inscrición no rexistro.

3. No caso dunha denominación de orixe ou indicación xeográfica cuxo ámbito territorial non exceda o dunha comunidade autónoma, a dita concesión e a publicación no «Boletín Oficial del Estado» serán realizadas polo órgano competente da comunidade autónoma de que se trate, que informará o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente da citada concesión.»

**Disposición adicional.** *Actualización das denominacións do departamento ministerial e do centro directivo.*

Con carácter xeral, en todo o texto as referencias que se fan á Dirección Xeral de Industrias e Mercados Alimentarios e ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, no texto do Real decreto 1335/2011 entenderanse feitas, respectivamente, á Dirección Xeral da Industria Alimentaria e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE